



ILUSTRACIÓN: *Maletas*

AUTOR: Carmen Franco-Vázquez

Eulalia Agrelo Costas (coord.). *Guerras mundiais na Literatura Infantil e Xuvenil galega. Roles femininos*. 2017. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Col. Materiais Didácticos, 27. 222 pp.

Na loita contra as violencias de todo tipo que dan como resultado milleiros de mortes cada ano, o tema do machismo está máis á orde do día do que unha sociedade desenvolvida debería permitir. Os datos atafegantes que nos transmiten os medios de comunicación están en concordancia coas moitas campañas que intentan deter e paliar esta situación, mais polos datos recollidos é posíbel afirmar que os esforzos non están dando os resultados esperados. A sociedade patriarcal segue tendo unha grande influencia na maneira de educar os máis novos e segue debuxando patróns estereotipados do que significa ser home e muller, castigando a desviación da norma e coartando a liberdade de cada persoa de exercer o seu dereito a escoller sen ser xulgado. Todo o mundo ten claro que a solución radica na educación, como acontece para a maioría de problemas, polo que é preciso un esforzo conxunto da sociedade, especialmente de mestras e mestres, para traballar de xeito continuo a coeducación ou a educación para a igualdade entre os sexos de maneira transversal. Para axudarlle a este colectivo de mediadores entre literatura e infancia e xuventude, Eulalia Agrelo Costas coordina este novo número da colección “Materias Didácticos” do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela titulado *Guerras mundiais na Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Roles femininos*, no cal ela mesma, xunto a un total de quince investigadoras galegas e portuguesas, todas elas mulleres e especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil (a partir de agora LIX) e ilustración, analizan os roles das mulleres en diversas obras e achegan un marco

teórico que garanta a boa formación dos docentes e posibilite a programación do seu labor de xeito metódico e axeitado.

A introdución do monográfico asínaa a profesora e investigadora Blanca-Ana Roig Rechou, iniciadora e máxima referente no ámbito galego da investigación en LIX e Educación Literaria. Nesta primeira parte é posíbel facerse unha idea do que imos atopar no libro e deixa claro que os obxectivos da publicación son apoiar a práctica docente, salientando a importancia do seu labor no desenvolvemento da competencia literaria e da creación de lectores autónomos que acudan aos libros por iniciativa propia alén da institución escolar. Ademais, tamén fai unha pequena aproximación á guerra como temática na literatura en xeral, e na LIX en particular, e ao trato discriminatorio que sufriron moitas mulleres, que, a pesar das imposicións e restricións que unha sociedade machista lles impuña, tiveron un papel fundamental durante o desenvolvemento dos conflitos que foi moitas veces silenciado e esquecido.

6

Como marco teórico das análises e comentarios realizados das obras seleccionadas para o monográfico, Marta Neira Rodríguez asina o artigo introdutorio titulado “Mulleres, roles femininos e Guerras Mundiais na LIX galega”. A participación desta investigadora e profesora na publicación non podía ser máis axeitada, tendo en conta que se trata da primeira persoa en defender unha tese de doutoramento sobre a maneira na que son representadas as mulleres en obras galegas que tiñan como tema central a Guerra Civil española (2016, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/14774>). A autora fai unha análise cronolóxica da representación de ambas as dúas guerras mundiais na LIX galega, facendo fincapé no feito de que as traducións ao galego de obras do marco ibérico e doutras linguas europeas foi o paso previo á propia creación de literatura galega arredor da temática. Á parte da análise e percorrido que fai por distintas obras, moitas delas protagonistas dos comentarios posteriores do monográfico, e da comparativa que fai entre a cantidade de mulleres e homes como escritores, ilustradores e tradutores desta obras, como personaxes e protagonistas nas obras propias da literatura galega e da literatura traducida ao galego, o máis interesante do artigo reside na proposta dunha tipoloxía da maneira en que son representadas as mulleres nestas obras, como son as “nenas da guerra”, “refuxiadas”, “nenas bombardeadas” e “nenas vítimas do holocausto”, entre outras. Aínda que quizais se bote en falta unha explicación máis pormenorizada da elección e desenvolvemento da tipoloxía, agradécense os moitos exemplos de obras que axudan a visualizar o

contido teórico do artigo e, especialmente, que a análise vaia alén das personaxes literarias e tamén fale das mulleres como escritoras, tradutoras, ilustradoras etc. A literatura debe actuar como ponte e recurso para intervir sobre a realidade vivencial, non só a través da propia experiencia do lector como tal, senón tamén como unha maneira de socialización e un exemplo das carencias e virtudes do sector con respecto á entrada das mulleres nel.

O corpus de obras seleccionadas para a súa análise están divididas en dous bloques: obras galegas e obras traducidas ao galego. No primeiro grupo atopamos un total de cinco obras, das cales dous son álbums narrativos e as restantes son novelas; no segundo, é posíbel atopar un total de oito análises, cinco novelas, dous álbums e unha obra de banda deseñada.

No caso do formato álbum, a primeira obra analizada é *O Principio*, escrita por Paula Carballeira con ilustracións de Sonja Danowski, e o artigo asínao Mar Fernández Vázquez. O estudo comeza cunha breve aproximación teórica ao formato álbum e ao proxecto editorial de Kalandraka Editora no cal se encadra a obra. A continuación, a autora fai unha análise da narrativa visual e textual de maneira illada, tendo en conta que neste caso concreto ambas teñen unha existencia paralela mais tamén unha terceira lectura conxunta. En efecto, a investigadora afirma que a narrativa visual é a que lle permite falar dunha tipoloxía de roles de xeito claro, xa que a sinxeleza e imprecisión do texto non llo permitía. Trátase dunha análise coidada, exhaustiva e moi enriquecedora, que dá moitas pistas das posíbeis alternativas de como traballala dentro da aula, mais resulta contradictorio que no estudo se comece falando da dobre autoría en igualdade de condicións de escritor e ilustrador no formato álbum, cando a obra seleccionada está dentro do bloque de obras galegas, dándolle máis valor ao labor dunha das creadoras sobre a outra. Esta mesma circunstancia acontece na seguinte análise dun álbum catalogado como obra galega, titulado *Fume* e asinado por Antón Fortes como escritor e Joanna Concejo como ilustradora. O estudo, da autoría de Isabel Mociño González, profunda máis nas posibilidades didácticas do libro dentro do contexto escolar e reconece nesta obra un posíbel aliado para o traballo da interculturalidade, a coeducación e o respecto polos dereitos e as liberdades fundamentais, mais tampouco concreta de que xeito.

As tres restantes obras galegas son tres novelas, *Febre* de Héctor Carré, *A rapaza da fiestra* de Xavier Estévez e *U-49* de Rafael Lema. A análise da

primeira obra, realizada por Carmen Ferreira Boo, comeza cunha explicación teórica dos aspectos compositivos da narrativa proposta, para centrarse finalmente na personaxe principal, Carmucha, que lle serve para ilustrar con acerto dúas das tipoloxías presentadas por Neira Rodríguez: as “rebeldes e renegadas” e as “solidarias”. Por outra parte, o comentario de *A rapaza da fiestra*, escrito pola coordinadora do monográfico, Eulalia Agrelo Costas, inicia cunha aproximación á figura do escritor, Xavier Estévez, e despois salienta a importancia do coñecemento da obra *O diario de Ana Frank* para a correcta decodificación da proposta de Estévez, debido ao xogo intertextual que establecen ambas narrativas. A partir da tipoloxía de Neira Rodríguez, a investigadora tamén profunda na construción das personaxes femininas da obra, aínda cando se fai difícil polo cambio de rol que presentan segundo avanza a trama e, porque aínda centrada na figura de Ana, a obra está enunciada dende o punto de vista masculino de Lucas, o protagonista. Por último, Verónica Pousada Pardo asina o artigo que fala sobre a obra *U-49* de Rafael Lema. A investigadora comeza destacando que esta novela xuvenil é, até a actualidade, a primeira focalizada na Gran Guerra e nas consecuencias que tivo para Galicia, explicando que o principal motivo é que se trata dun conflito alleo no cal España se mantivo neutral. Ao contrario das análises anteriores, o foco de atención non está na construción da obra e é posíbel atopar unha explicación exhaustiva de diferentes roles interpretados polas mulleres da trama que, aínda partindo da tipoloxía proposta por Neira Rodríguez, amplíase e complementábase de xeito que poida abranguer e adaptarse ás peculiaridades da obra de Rafael Lema.

Con respecto ao segundo bloque de obras que corresponde a aquelas que foron traducidas ao galego, as investigadoras xa non centran a súa análise a partir da tipoloxía de roles presentada no artigo introdutorio, agás no caso de Sara Filgueira Lorenzo cando fala de *Sadako e as mil grúas de papel*, de Eleanor Coerr, e Sara Reis da Silva ao comentar *O número das Estrelas*, de Lois Lowry. Xunto a estas investigadoras, podemos ler as achegas de Ana Cristina Vasconcelos de Macedo que analiza *O violín de Auschwitz* de Maria Ángles Anglada; Maria Madalena Marcos Carlos Teixeira da Silva, que fala do álbum *Sálvate, Elías!*, con texto de Élisabeth Bami e ilustracións de Bernard Jeunet; Vanessa Regina Ferreira da Silva, que retoma a historia de Ana Frank analizando o seu mundialmente coñecido diario; Cláudia Sousa Pereira que se aproxima a *Cando Hitler Roubou o Coello Rosa*, de Judith Kerr; Carmen Franco Vázquez asina o estudo sobre a novela gráfica premiada co Premio Pulitzer *Maus*,

de Art Spiegelman; e, finalmente, Olalla Cortizas Varela remata coa análise de *A historia de Erika*, álbum ilustrado por Roberto Innocenti con texto de Ruth Vander Zee. Aínda que de xeitos diferentes e facendo fincapé en distintos aspectos, todas as investigadoras centran as súas análises na figura das mulleres como personaxes das narrativas e, nalgúns casos, tamén profundan en como se representan homes e nenos dentro das ficcións. Quizais se bota en falta unha estrutura parella que permita ter un coñecemento paralelo de como traballar coas obras, ou incluso posibilitar a programación de actividades que xoguen cos puntos converxentes e diverxentes de todas elas, partindo da base de que todas permiten a análise da figura de mulleres e nenas fronte ao conflito bélico. No contexto escolar, faise especialmente interesante que o mediador docente propicie a reflexión sobre cal era o papel que a sociedade lles impuña ás mulleres, para poder recoñecer e eloxiar o esforzo de tantas antecesoras que tiveron que loitar por todos os dereitos que permiten achegarnos, aínda paseniño, á igualdade efectiva entre os sexos, e alentar os máis novos, nenas e nenos, a continuar este camiño.

En síntese, trátase dunha obra imprescindible para calquera mediador de literatura e infancia que decida achegar a temática bélica aos seus estudantes, consciente de que non é un tema alleo aos máis novos e que non debe ser illado da súa realidade a favor dunha burbulla de sobreproteccionismo con terribes consecuencias. No obstante, quizais o que máis se bote en falta no monográfico é un pouco máis de atención ao `como', alén do `que'. Cando falamos de educación literaria, é tan importante a formación e coñecemento en materia de literatura como de didáctica, posto que nestas idades o labor de mediación do docente é fundamental para a promoción de hábitos lectores e a creación dunha relación efectiva e afectiva entre o lectorado e as obras literarias. En efecto, todos os estudos dan conta da formación, coñecemento e dominio das autoras, pero non fan ningún tipo de proposta de xeito claro e conciso, falando por enriba das potencialidades didácticas e dos intereses temáticos para o seu traballo na aula, que debe ser completamente planificado polos docentes en canto a temporalización, contidos, competencias etc. Este non sería un problema salientábel se non fora porque na actualidade a formación deste colectivo en materia de educación literaria é, cando menos, escasa, agás no caso das universidades que contan cun equipo de traballo preocupado por encher este baleiro, como acontece na Universidade de Santiago de Compostela.

10

Por outra banda, tamén consideramos que o coidado na terminoloxía referida aos temas de xénero podía ter sido máis axeitada. Por exemplo, a confusión entre o termo `feminino´ e `de muller´ pode ser especialmente perigoso, posto que se está a confundir o sexo (unha realidade natural determinada polos xenitais de cada persoa) co xénero (unha construción social e reducionista do que significa ser muller e home). É dicir, a obra analiza os roles das mulleres en diversas narrativas, pero non todos fan referencia a roles que tradicionalmente se lle atribuíron ás mulleres, que sería a definición correcta de roles femininos. A loita pola igualdade pasa necesariamente polo abandono dos arquetipos de xénero e polo rexeitamento absoluto da existencia de ` cousas de nenas/mulleres´ e ` cousas de nenos/homes´, entre o que se atopan xoguetes, cores, afeccións, e incluso pautas de comportamento e expectativas profesionais ou persoais. O monográfico transita entre o eido dos estudos literarios, dos estudos de xénero e dos estudos sobre educación literaria e, tendo en conta a extensión, resulta imposible un coidado pormenorizado de todos eles. Mais isto non nega que se trata dunha obra cunha gran calidade e corrección teórica que facilita e apoia a práctica docente e segue sumando logros no labor que todas as investigadoras participantes iniciaron a prol do sistema literario infantil e xuvenil e da mellora da formación integral dos máis novos e, por conseguinte, da sociedade no seu conxunto.

Rocío G-Pedreira
IE-CIEC-Universidade do Minho